

SGHN. Documento de posición

Concentracións parcelarias

Posición de SGHN sobre as concentracións parcelarias ó non concorrer no proxecto ningunha das consideracións establecidas no Artigo 6 da DC 92/45.

Os proxectos de concentración parcelaria deben contemplar:

- A exclusión das zonas consideradas: Zonas Especiais de Conservación, Zonas de Especial Protección para as Aves, Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, hábitats de conservación prioritaria de acordo coas Directivas da Unión Europea, hábitats de taxóns ameazados a nivel estatal (Libros vermellos) ou autonómico (Catálogo Galego de Especies Ameazadas) e áreas de protección de bens do patrimonio cultural.
- A preservación de todas as masas e sebes de árbores e arbustos autóctonos cunha densidade maior do 15% da fracción cabida cuberta.
- A preservación, sen “acondicionar” ou modificar, dos cauces fluviaes, as ripisilvas, as zonas asolagables e os prados de sega.
- A inclusión só das terras agrícolas de calidade: clases agrolóxicas I a IV, só excepcionalmente a clase V se son áreas pequenas (< 5 ha) mesturadas entre as de clase I a IV.
- A avaliación con exactitude da produtividade das terras antes da concentración parcelaria, en termos económicos e agrícolas.
- O establecemento con claridade dos obxectivos que se pretenden acadar coa concentración parcelaria: demográficos, en termos de fixación ou incremento da poboación rural, e de produtividade, en termos económicos e agrícolas. O cumprimento deste requisito é máis imprescindible que nunca tendo en conta a situación actual de grave crise económica e déficit público que está a obrigar a medidas excepcionais para o control do gasto público.

Santiago, a 29 de decembro de dous mil dezanove.